



Resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos pola que se aproba a relación provisional de persoas admitidas e excluídas e o baremo provisional no procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia no corpo de profesores de relixión de primaria, especialidade relixión evanxélica (701402), e no corpo de profesores de relixión de secundaria, especialidade relixión evanxélica (702403).

Pola Resolución do 25 de abril de 2018, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, convocouse un procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia no corpo de profesores de relixión de primaria, especialidade relixión evanxélica (701402), e no corpo de profesores de relixión de secundaria, especialidade relixión evanxélica (702403).

Logo de revisadas as solicitudes de participación, comprobado o cumprimento dos requisitos esixidos e realizada a valoración dos méritos na convocatoria para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia en relixión evanxélica, e, de acordo co disposto na base sexta da citada convocatoria, procede aprobar a relación provisional de persoas admitidas e excluídas das listas de interinidades e substitucións e o baremo provisional e publicalos no portal de internet da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional

En consecuencia,

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a relación provisional de persoas admitidas e excluídas e o baremo provisional das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia no corpo de profesores de relixión de primaria, especialidade relixión evanxélica (701402), e no corpo de profesores de relixión de secundaria, especialidade relixión evanxélica (702403).

Segundo.- Ordenar a publicación da relación provisional de persoas admitidas e excluídas e do baremo provisional indicados no apartado anterior no portal de Internet da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional (www.edu.xunta.gal).

Terceiro.- De acordo co disposto na base sexta da Resolución do 25 de abril de 2018, as persoas interesadas poderán formular alegacións contra a relación provisional de persoas admitidas e excluídas e o baremo provisional no prazo de tres días hábiles contados desde o día seguinte ao da súa publicación no portal da consellería mediante un escrito dirixido ao director xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

Edificio Administrativo
San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
www.edu.xunta.gal



As alegacións poderán presentarse por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e deberán remitirse tamén por correo electrónico no citado prazo ao enderezo persoal.primaria@edu.xunta.es no caso de alegacións contra a relación provisional de persoas admitidas e excluídas e o baremo provisional na lista correspondente ao profesorado de relixión de primaria, especialidade de relixión evanxélica (704102) e ao enderezo persoal.secundaria@edu.xunta.es no caso de alegacións contra a relación provisional de persoas admitidas e excluídas e o baremo provisional da lista correspondente ao profesorado de relixión de secundaria, especialidade de relixión evanxélica (702403).

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

José Manuel Pinal Rodríguez

